

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON REFERENCIA 2017/CP/229, PARA UN COLABORADOR/A NAS TAREFAS DO CAMPUS INDUSTRIAL (CATEGORÍA TÉCNICO ADMINISTRATIVO), CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 5 DE DECEMBRO DE 2017

De acordo coa acta do órgano de selección da convocatoria de contratación con referencia 2017/CP/229, para un colaborador/a nas tarefas do Campus Industrial, publícase esta resolución:

Con data 5 de decembro de 2017, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases rectoras para a selección e contratación laboral de un técnico administrativo a tempo completo (Ref. 2017/CP/229), destinado a deseñar e desenvolver a estratexia de comercialización e difusión da oferta académica do Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña, con especial énfase na nova oferta académica que se inicia no curso 2018-2019 (grao en xestión industrial da moda, mestrado en deseño, produción e comercialización de videoxogos e mestrado en deseño industrial). Tamén realizará actividades administrativas complementarias e de xestión das tarefas do Campus Industrial de Ferrol.

1. O órgano de selección constituíuse na sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 18 de xaneiro de 2018.
2. O órgano de selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D.^ª Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, como presidenta.
 - D. Ramón José Noguerol Gómez, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, como vogal.
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol, como secretario.
3. Tras o estudo e valoración das solicitudes presentadas o órgano de selección decide facer a proposta de adxudicación para a contratación laboral, por parte do Servizo de Investigación e da Xerencia da UDC, do/da solicitante que acadou unha maior puntuación:

D.^ª Fátima del Coro Sánchez Fernández, dni 32704697P

O órgano de selección decide publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Reitoría, como indica a convocatoria, e no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, outorgando ata o 25 de xaneiro de 2018 para presentar reclamacións contra esta resolución ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 18 de xaneiro de 2018

O secretario do órgano de selección

V.^º e Prace

A presidenta do órgano de selección

D. Ginés Nicolás Costa

D.^ª Araceli Torres Miño